



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

ANUNCIO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA

SUMARIO

Resolución de Alcaldía núm. 407 do Concello do 09/07/2021 pola que se aproban as bases e a convocatoria para a constitución dunha bolsa de emprego para cubrir as posibles vacantes no posto de conserxe do CEIP de Carnota.

TEXTO

Logo de aprobar por Resolución de Alcaldía núm. 407 de data 09/07/2021, as bases e a convocatoria para a constitución dunha bolsa de emprego, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de dez días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Achéganse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria:

BASES QUE DEBEN REXER A CONVOCATORIA E O PROCESO DE SELECCIÓN

PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria

É obxecto das presentes bases a creación dunha bolsa de emprego para ter preparado un mecanismo que dea cobertura legal a necesidades esenciais que poidan xurdir, con profesionais que desenvolvesen as súas funcións na categoría profesional encadrada en:

Características da praza:

Tipo de persoal	F
Escala/subescala	A.E.(S.E./cometidos especiais)
Grupo	A.P.
Denominación	Conserxe
Funcións encomendadas	-Realización das tarefas que, con arranxo ao legalmente previsto na normativa de réxime local, resulten propias da súa subescala/clase, dentro de marco competencial recoñecido á brigada de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Carnota co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

	<p>conserxería.</p> <ul style="list-style-type: none">-Realización daqueloutras tarefas e/ou actuacións de auxilio e/ou asistencia administrativa de natureza sinxela, de carácter operativo-lóxico e/ou que, en todo caso, non requiran dunha capacitación profesional e/ou formativa superior á esixida para o desempeño do posto e, todo isto, dentro do marco competencial recoñecido pola RPT e normativa de referencia á brigada de conserxería.-Prestación ordinaria e material da información e atención ao público.-Calquera outra, propia da súa capacitación profesional e/ou formativa co alcance determinado pola normativa vixente e a propia RPT, dentro do marco competencial propio da división organizativa de pertenza ou cando as necesidades do servizo así o requiran, ao marxe do mesmo.
Sistema de selección	Oposición

SEGUNDA. Condicións de Admisión de Aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por Lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Carnota co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non será esixible o requisito do certificado de escolaridade de acordo coa disposición adicional sexta do real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público.

TERCEIRA. Forma e Prazo de Presentación de Instancias

As solicitudes (Anexo II) requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As bases íntegras publicaranse no BOP e no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello (<https://sede.carnota.gal/opencms/gl/informacion/>).

Os aspirantes con discapacidade deberán facelo constar na solicitude.

CUARTA. Admisión de Aspirantes

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello (<https://sede.carnota.gal/opencms/gl/informacion/>), sinalarase un prazo de dez días hábiles para que se poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión.

Transcorrido o prazo de emenda, pola Alcaldía aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello. Na mesma publicación farase constar o día, hora e lugar en que deberán realizarse todas as probas/o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Carnota co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

día, hora e lugar en que deberá realizarse o primeiro exercicio de selección. O chamamento para posteriores exercicios farase mediante a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Carnota.

QUINTA. Tribunal Cualificador

De acordo co establecido no artigo 60 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva. Os órganos de selección constituiranse en cada convocatoria.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A composición do tribunal cualificador é a seguinte:

Cargo	Identidade
Presidente	José Antonio Maceiras Martínez, funcionario do concello de Carnota.
Suplente	José Manuel Mayo Priegue, funcionario do concello de Muros.
Vogal	Inocencio Álvarez Lago, funcionario do concello de Carnota.
Suplente	Jesús López Rama, funcionario do concello de Carnota.
Vogal	José Manuel Figueira Freire, funcionario do concello de Carnota.
Suplente	Javier Lestón Siaba, funcionario do concello de Carnota.
Vogal	María José Lago Freire, laboral fixa do concello de Carnota.
Suplente	Rosa Monteagudo Rey, funcionaria do concello de Muros.
Secretario	María Dolores Maceiras Martínez, funcionaria do concello de Carnota.
Suplente	Josefa Fernández Fernández, funcionaria do concello de Muros.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Carnota co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

SEXTA. Sistemas de Selección e Desenvolvemento dos Procesos

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

FASE DE OPOSICIÓN:

Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal. A orde de actuación dos/as aspirantes será por orde alfabética dos apelidos.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos/ás opositores/as para que acrediten a súa personalidade.

Os/as candidatos/as deberán acudir provistos do DNI ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

Os exercicios da oposición serán os seguintes:

Proba de Galego:

Para garantir o dereito da cidadanía ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como para a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega, de conformidade coa normativa vixente.

Se o aspirante non está exento da proba de galego deberá realizar unha proba, que terá carácter eliminatorio, e consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego e outro do galego ao castelán, propostos polo tribunal, nun tempo máximo de media hora.

Cualificarase a proba como apto/a ou non apto/a e publicarase mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carnota e na páxina web do Concello de Carnota. Os/as aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que consideren oportunas contra as referidas cualificacións.

Estarán exentos da realización desta proba os/as aspirantes que acrediten estar en posesión do Celga 1. Estes aspirantes terán a cualificación de apto.

Primeiro exercicio. Obrigatorio e eliminatorio

Consistirá na realización dunha proba de coñecementos referida aos contidos do programa que figuran no temario Anexo I, a través dun cuestionario de 40 preguntas en forma de test, máis tres de reserva, co 4 respostas alternativas, das cales unha só é a correcta.

O tribunal cualificador confeccionará o cuestionario de preguntas instantes antes da celebración da proba.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Carnota co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

A duración do exercicio será de 60 minutos.

O exercicio calificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

Cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter unha puntuación mínimo de 5 puntos. Cada resposta correcta puntuarase con 0,25 puntos e por cada 3 respostas incorrectas descontarase unha resposta correcta.

Segundo exercicio. Obrigatorio e eliminatorio

Consistirá na proba teórico-práctica, referente ás funcións de conserxe de colexios, realizando o tribunal cualificador tres preguntas curtas relacionadas co exercicio e cos temas 9 ao 13 do temario.

O exercicio calificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

O Tribunal cualificador calificará o exercicio e valorará a formación xeral, a claridade e a calidade de expresión escrita, a forma de presentación e exposición, a orde de ideas e a capacidade de síntese do/da aspirante, así como o coñecemento da materia.

O tribunal de selección inmediatamente antes da realización do exercicio

A duración do exercicio será de 30 minutos

SÉTIMA. Cualificación

A cualificación da fase de oposición será a suma das puntuacións obtidas nas dúas probas superadas. No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, este resolverase acudindo á puntuación obtida no primeiro exercicio e, se se mantén, acudindo á segunda proba.

O Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello [<https://sede.carnota.gal/opencms/gl/informacion/>] polo prazo de cinco días coa finalidade de que os/as aspirantes poidan presentar as alegacións que consideren oportunas.

OITAVA. Relación de Aprobados e Acreditación de Requisitos Esixidos

Una vez terminada a avaliación dos/as aspirantes e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello [*dirección* <https://sede.carnota.gal/opencms/gl/informacion/>]

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Carnota co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Posteriormente, vistas e informadas as alegacións que no seu caso se presentaron, elevarase á Alcaldía a acta do proceso selectivo para que se aprobe a constitución da bolsa coa orde de prelación definitivo de aspirantes, que deberá publicar na sede electrónica do Concello, onde deberá permanecer actualizada.

As persoas candidatas, cando sexan requiridas para a súa contratación, achegarán ante o Concello a seguinte documentación:

— Declaración responsable de non ser separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin acharse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

— Declaración responsable de non desempeñar posto de traballo retribuído en calquera Administración Pública, nin actividade privada suxeita a recoñecemento de compatibilidade, conforme a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

As propostas de nomeamento serán adoptadas polo órgano competente a favor dos aspirantes segundo a orde de prelación da relación de persoas aprobadas. Se a acode aspirante ao que lle correspondese o nomeamento non fose nomeada, ben por desistencia ou por non reunir os requisitos esixidos, convocarase á seguinte candidata que superase o proceso de selección.

Así mesmo, informarase aos aspirantes achega do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

NOVENA. Funcionamento da Bolsa de Emprego

1. As persoas integrantes das Bolsas de Emprego, ocuparán o posto da lista que lle corresponda, atendendo á puntuación obtida no proceso selectivo utilizado para a súa constitución, debendo aparecer, xunto ao número do posto ocupado, a puntuación que ostenta dentro da listaxe.

2. Todas as persoas que superen o proceso de selección serán incluídas nunha bolsa de emprego para as futuras contratacións que resulten necesarias a fin de cubrir vacantes temporalmente, e serán chamadas seguindo a orde establecida na listaxe correspondente. O funcionamento da Bolsa de Emprego axustarase aos principios de igualdade de oportunidades e principio de non discriminación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Carnota co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

A orde de chamamento dos aspirantes inscritos na bolsa neste Concello será por: Chamamento ao primeiro aspirante dispoñible da lista

3. A renuncia inicial a un nomeamento, ou a renuncia durante a vixencia do mesmo, non darán lugar á exclusión da Bolsa de Emprego, pero ocasionará un cambio de lugar do posto, dentro da mesma, pasando a ocupar o último posto como integrante da Bolsa.

Son causas que xustifican a renuncia a un nomeamento e que implican o mantemento dentro da Bolsa de Emprego:

- Estar en situación de ocupado, prestando servizos no Concello como persoal contratado, en calquera das formas admitidas en dereito, laboral ou funcionario interino.
- Estar en situación de Suspensión por accidente, baixa por enfermidade, intervención cirúrxica, internamento hospitalario, maternidade, embarazo de alto risco e situación de risco ou necesidade acreditada por facultativo que esixa a lactación natural de menores de nove meses.
- A acreditación documentada da finalización de tal circunstancia dará lugar á reposición no mesmo lugar da orde de lista nas Bolsas de Emprego en que se atopará a persoa afectada.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

4. As persoas incluídas na Bolsa de Traballo terán que presentar datos persoais suficientes que permitan a súa pronta localización, sendo responsables de que estean actualizados en todo momento.

Una vez realizado o intento de localización por medio da comunicación telefónica, a telegráfica con acuse de recibo ou o correo electrónico con acuse de recepción, se non fose posible o contacto en vinte e catro horas acudirse á persoa seguinte. Se se opta pola comunicación telefónica, realizaranse un mínimo de tres intentos de contacto entre as 9:00 e as 14:00 horas, cun intervalo de sesenta minutos entre cada chamada.

Quedarán anotación escrita do que se indica neste número no servizo correspondente, dándose traslado inmediato de informe escrito ao Secretario da Corporación para coñecemento e constancia.

A persoa integrante da Bolsa de Emprego que reciba proposta de nomeamento, nos termos descritos anteriormente, deberá proceder á aceptación ou rexeitamento da mesma, nun período

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Carnota co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

máximo de 24 horas, salvo que por circunstancias excepcionais ou de forza maior.

5. Esta bolsa de emprego estará vixente mentras existan candidatos ou ata que o órgano competente decida a creación dunha nova.

6. A Bolsa de Emprego debidamente actualizada atoparase publicada de forma permanente na sede electrónica municipal.

DÉCIMA. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O chamamento realizarase seguindo a orde de puntuación que sexa obtido polos aspirantes. Notificado o mesmo, o prazo para que se presente será de tres días.

Contra a convocatoria e as súas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor polo interesado recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo no prazo dun mes ante a Alcaldía, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, se este radica en lugar distinto, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do correspondente anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso que se puidese estimar máis conveniente a dereito.

No non previsto nas bases será de aplicación o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Carnota co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; e a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ANEXO I

TEMARIO

1. A Constitución Española de 1978: Principios xerais, estrutura e contido.
2. Lei orgánica 1/1981 do 6 de abril, do Estatuto da Autonomía de Galicia. Título preliminar, título I e título III.
3. Facenda pública e administración tributaria. Impostos, taxas e contribucións especiais.
4. A lei de prevención de riscos laborais. Conceptos básicos. Dereitos e obrigas.
5. O municipio de Carnota. Territorio, poboación e organización.
6. Centros educativos, instalacións e servizos no termo municipal de Carnota.
7. A organización municipal. Órganos necesarios e Órganos complementarios. Funcionamento dos órganos colexiados municipais.
8. A función pública local: clases de persoal. Dereitos e deberes. O acceso ao emprego público. Sistema de ingreso.
9. A documentación administrativa. Descrición dos principais documentos: solicitude, certificado, anuncio, informe, resolución, comunicación e notificación.
10. Colexios públicos: funcións do conserxe. Organización dos centros. Horarios.
11. Traballos con materiais e maquinaria de oficina. Reprografía. Destrucción de documentación. Ensobramento. Etiquetaxe. Guillotinadura. Encadernación. Grampadura. Tradura. Tipos de papel

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Carnota co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

12. Coñecementos básicos de mantemento dos edificios e os seus recintos. Coñecementos básicos de funcionamento de instalacións eléctricas, aparatos eléctricos e luminarias.
13. Coñecementos básicos de funcionamento de posta en marcha e paro de instalacións de protección contra incendios e anti-intrusión. Coñecementos básicos de arbolado, xardinería, rego e limpeza de patios de colexio.

ANEXO II SOLICITUDE DO INTERESADO

DATOS DO INTERESADO	
Nome e Apelidos	NIF

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
Medio de Notificación			
<input type="checkbox"/> Notificación electrónica			
<input type="checkbox"/> Notificación postal			
Dirección			
Código Postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móbil	Fax	Correo electrónico

OBJECTO DA SOLICITUDE
EXPÓN Que, vista a convocatoria anunciada no Boletín Oficial da Provincia, de data _____, en relación coa convocatoria para a constitución dunha bolsa de emprego de conserxe do CEIP de Carnota, conforme ás bases publicadas no BOP número ____ de data ____ e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Carnota co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Concello de Carnota.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

- Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Reunir todos e cada un dos restantes requisitos esixidos nas bases da convocatoria, referidos á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes.

CELGA 1: Si Non

Por todo o cal, **SOLICITO** que, de conformidade co disposto nos artigos 55 e 56 do texto refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, admítase esta solicitude para o proceso de selección de persoal referenciado.

Deber de informar aos interesados sobre protección de datos

?Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Carnota co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

DATA E FIRMA

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

En _____, a _____ de _____ de 20__.

O solicitante,

Asdo.: _____

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARNOTA

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do este Concello.

Contra as presentes bases, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, se este radica en lugar diferente, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

O alcalde

Juan Manuel Saborido Rama

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Carnota co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)